



Confederación Intersindical Galega

www.cig-ensino.com

INFORMA

xaneiro 2009

A Consellería de Educación nega o diñeiro preciso para a percepción íntegra das pagas extras polo profesorado universitario

A Dirección Xeral de Universidades négase a negociar coas centrais sindicais os efectos laborais da implantación do espazo europeo de educación superior

O pasado venres 19 de decembro celebrouse en Santiago unha reunión da Mesa Galega de Universidades, a petición de todas as centrais sindicais do noso ámbito. A pesar do agardado da reunión – era a segunda en toda a lexislatura – o resultado da mesma non puido ser máis decepcionante para a CIG-Ensino. Por unha banda o Director Xeral de Universidades negouse a entrar a debater un dos asuntos principais que para nós debe ser tratado nestes intres nun marco multilateral como o da Mesa de Universidades – onde están representados tanto a Administración Educativa (a Consellería de Educación da Xunta de Galicia), as tres Universidades do SUG e os traballadores das mesmas -, como é o dos custes e desafíos laborais que implica a implantación do chamado Espazo Europeo de Ensino Superior e, en relación con isto, o problema do financiamento nas Universidades Públicas Galegas. Pois ben, para o Sr. director xeral de Universidades, tales asuntos non son susceptibles de negociación senón só de información pola súa banda.

A esta primeira negativa á negociación – na que tamén se obviou a problemática dos profesores colaboradores, cuxa inclusión na orde do día da reunión foi reclamada pola

CIG-Ensino – xuntouse o total desprezo da Dirección Xeral a outro dos temas a negociación proposto por todas as centrais sindicais, a progresiva percepción do complemento específico nas pagas extraordinarias do PDI das universidades galegas. A pesar de incluír na orde do día da reunión un punto denominado “acordo sobre pagas extras”, o que se evidenciou na reunión foi a total falla de intención do director xeral a achegar os medios económicos precisos para que os e as docentes universitarios/as poidamos percibir nas nosas nóminas o que xa está recoñecido a todos e todas os funcionarios/as de Galiza, pretendendo que as Universidades se fixesen cargo deste aumento no gasto salarial, algo completamente inasumíbel a día de hoxe polas mesmas, tendo en conta a situación de restrición orzamentaria pola que estas atravesan.

Esta situación valórase dende CIG-Ensino como moi grave, non só pola inxustiza que se está a cometer cos e coas docentes da Universidade, na medida en que se nos nega o que expresamente se recoñece a todos os empregados e empregadas públicos/as de Galiza, e mesmo aos/ás dependentes da propia Consellaría de Educación, no que aos docentes de ensino non universitario se refire,

para cuxa implementación, a Xunta de Galiza dotou á Consellaría dos fondos precisos, senón tamén porque supón un avance máis no proceso de precarización do emprego do PDI universitario ao que se nos vén sometendo nos últimos tempos e nos que as diversas administracións educativas rexidas polo PSOE están sendo especialmente activos, seguindo ao ditado os mecanismos para tal obxectivo comezados a deseñar na época de goberno do Partido Popular.

Non debemos esquecer que este desprezo recibido polos e polas docentes universitarios/as nas nosas nóminas non significa máis que outra pinga que vén a rebordar o xa cheo vaso da desvalorización e precarización do noso traballo. Debemos ter en conta que nestes momentos estase a impulsar dende o Ministerio de Ciencia un proxecto de Estatuto do PDI universitario que non fai máis que afondar na segmentación da carreira universitaria e incidir na privatización e mercantilización da universidade pública. O primeiro en canto se diseña unha carreira que vai supor a acumulación aínda máis abafante de avaliacións periódicas do noso traballo en termos puramente cuantitativos e de produtividade económica, entrecruzados polo segundo aspecto, en canto parte importante dos criterios

de ascenso na carreira virá dada pola capacidade que os profesores e profesoras universitarios teñamos para “vender” e privatizar os nosos saberes e o noso traballo.

Naturalmente, todo este proceso de transformación en termos precarizantes do noso traballo non é alleo a un marco de reformas máis amplo que vimos coñecendo como “Proceso de Boloña” e cuxos obxectivos últimos están sendo contestados dende diversos sectores da vida universitaria.

En consecuencia, dende a CIG-Ensino, entendemos que o profesorado universitario non pode seguir permanecendo alleo a esta fonda transformación nas súas condicións de traballo e á continua perda no seu poder adquisitivo e debe comezar a prepararse para contestar de xeito firme e decidido os reiterados menosprezos aos que está sendo sometido polas institucións educativas autonómica e central.

**NON Á PRECARIZACIÓN DO TRABALLO
NA UNIVERSIDADE
NON Á DESVALORAZACIÓN DA FUNCIÓN
DOCENTE E INVESTIGADORA
POR UNHA UNIVERSIDADE PÚBLICA E
GALEGA**

Os nosos locais

Santiago (Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
15706. Santiago de Compostela
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
galiza@cig-ensino.com
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4ºD
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com